

Bos días a todos e a todas.

Lingua e empresa son os dous elementos que hoxe nos unen neste acto que quixemos facer solemne, porque consideramos que son piares básicos na construción do futuro de Galicia.

Lingua e empresa representan a ilusión e a forza de emprender novos camiños feitos desde os alicerces herdados. Pisamos por camiños que abriron os nosos devanceiros. E é desde aí, sen límites no horizonte, por onde queremos ampliar as novas vías que fagan medrar Galicia.

Esta aposta pola lingua téñena clara empresas da envergadura de Celtic Estores, Factorías Vulcano, Progando, Itelsis, Egatel, Academia Postal, Travibus, Fegatur, Pórtico ou Tuconsa, empresas todas que conciben o uso cotián da lingua galega na súa andaina empresarial como un activo, como unha oportunidade e como unha forma de estar no mercado acorde co contorno social no que se sitúan.

E esta aposta pola lingua témola clara desde o goberno galego. E digo isto con total convencemento. A lingua galega é o elemento esencial que nos define como colectividade. Galicia non sería Galicia se prescindísemos do uso da lingua propia na nosa

actividade. E o galego debe manter ese papel de unión, de cordón entre a cidadanía, que nos identifica e que nos lembra os nosos vínculos herdados e a forza que posuímos para conquistar espazos novos.

O que é imprescindible é deseñar unha política lingüística acorde cos tempos e que camiñe da man da sociedade. Non poderemos gañar novos espazos de uso lexislando de costas á cidadanía. A promoción da lingua galega debe vir en forma de iniciativas nadas da man da sociedade galega. E apostamos por facelo, ademais, nos espazos nos que sabemos que a lingua se xoga a súa transcendencia.

A nova situación política que vive Galicia debe traducirse nunha nova acción de política lingüística, como non podía ser doutro xeito. Pero esa nova etapa non vai estar dirixida a rebaixar a lexitimidade e o status social e institucional da lingua galega. Todo o contrario: seguiremos mantendo as bases sobre as que construímos nestes últimos trinta anos o pacto sobre a lingua: cooficialidade, o galego como lingua propia de Galicia, a acción positiva cara ao galego e o principio de non discriminación por razón de utilizar o galego ou o castelán.

Con eses principios desenvolveremos unha política lingüística que, sendo diferente das políticas anteriores, estará baseada na promoción activa e multidimensional da lingua galega, a lingua que require de todos nós (goberno, institucións, sociedade e individuos) un esforzo especial e continuado no tempo.

O ÁMBITO SOCIOECONÓMICO É UN SECTOR PRIORITARIO NA CONSTRUCCIÓN DO FUTURO DE GALICIA e, polo tanto, debe ser prioritaria a aplicación das iniciativas que permitan que as empresas, sempre de maneira voluntaria, poidan desenvolver a súa actividade en galego: desde a comunicación entre directivos, ata a relación destes cos traballadores, pasando pola sinalización ou a documentación administrativa.

O galego é unha lingua tan válida como calquera outra para as relacións empresariais. E, en Galicia, constitúe sen dúbida un activo para a empresa. Porque achega a empresa ao contorno social, porque crea empatías, porque, en definitiva, é útil para a consolidación de calquera proxecto económico.

Hoxe en día, ningunha sociedade que queira ser competitiva no ámbito internacional pode aspirar a traballar exclusivamente cunha lingua. As empresas terán que manexar todas aquelas que

lles permitan comunicarse cos mercados nos que se moven. Isto, que é unha evidencia cando miramos cara a fóra, debemos facelo ver tamén no noso mercado interior. Como non vai aspirar unha empresa, sexa de aquí ou de fóra, a relacionarse co seu mercado galego en galego?

Desde a Xunta de Galicia poremos enriba da mesa toda a colaboración, en apoio institucional, en apoio terminolóxico, en asesoramento lingüístico e en estratexias de formación e comunicación, que sexa necesarias. Para que este camiño, que cada vez un maior número de empresas decide andar, poida percorrerse coa máxima naturalidade e facilidade.

Para o Goberno galego –e estou seguro de que para a sociedade galega– é un orgullo presentar publicamente a decisión destas empresas, punteiras en sectores como as telecomunicacións, o industrial, a construción naval, a formación, o transporte público ou o agroalimentario, de facer do galego a súa lingua de actividade.

A nosa lingua é a empresa de toda a sociedade galega.

Moitas grazas.